



## ACTA DO XURADO DO XIV PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

Na Sala 12 do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, sendo ás 17:00h do 19 de xaneiro de 2026, reuniuse o xurado do XIV Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído por Luís Cochón Touriño como presidente do xurado; Mercedes Queixas Zas, vogal, Gisele Mato, vogal, Samuel Merino, vogal e Armando Requeixo, tamén como vogal e Carmen Carreiro como secretaria, con voz e sen voto.

Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio do certame ao poemario presentado baixo o título **Caput Mortuum**. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Luís Antonio Cortiñas Rodríguez (co seudónimo Luís Colder).

O xurado destacou en Caput Mortuum o sentimento para xunguir o poema versal e o poema en prosa dunha escrita que participa por igual do profundar no eu e nas angueiras da existencia coa adhesión sensible á causa comunitaria e a lírica do social.

Escrito cunha arquitectura complexa, que entrelaza a formulística química coa administrativa, o poemario salienta tamén polo fulgurante das súas imaxes e o procesado de moitas e moi diversas voces da poesía e o pensamento universais.

Asinan a presente ás 19:00h, no lugar mentado

Luís Cochón Touriño  
Presidente do xurado

Carmen Carreiro Montero  
Secretaría

